



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 1

VI lexislatura

Serie Pleno

### Sesión plenaria 20 de novembro de 2001

Presidencia do Excmo. Sr. D. José María García Leira

#### ORDE DO DÍA

##### **Sesión constitutiva do Parlamento de Galicia**

- Constitución da Mesa de Idade
- Elección da Mesa do Parlamento
- Constitución da Mesa do Parlamento
- Promesa ou xuramento de acata-la Constitución e o Estatuto de Galicia

## SUMARIO

*Ábrese a sesión ás once da mañá.*

### **Constitución da Mesa de Idade**

*O oficial maior rógalles ó deputado de maior idade, don Manuel Fraga Iribarne, e ás dúas deputadas máis novas, dona María Josefa Caldelas Fernández e dona Laura Seara Sobrado, que ocupen os seus postos na Presidencia co fin de constituí-la Mesa de Idade. (Páx. 4.)*

*(O señor Fraga Iribarne e as señoras Caldelas Fernández e Seara Sobrado ocupan os seus postos na Presidencia.)*

*O señor presidente da Mesa de Idade (Fraga Iribarne) rógalle á señora secretaria que dea lectura ó decreto de convocatoria e á relación de deputados electos. (Páx. 4.)*

*A señora secretaria da Mesa de Idade (Seara Sobrado) le o decreto de convocatoria e a relación de deputados electos. (Páx. 4.)*

### **Elección da Mesa do Parlamento**

Elección do presidente

*Votación: 41 votos a favor de don José María García Leira; 34 votos en branco. (Páx. 6.)*

*Queda proclamado presidente do Parlamento don José María García Leira (Páx. 6.)*

Elección dos vicepresidentes

*Votación: 41 votos a favor de dona Inmaculada Rodríguez Cuervo; 17 votos a favor de dona Salomé Álvarez Blanco; 17 votos a favor de dona Dolores Villarino Santiago. (Páx. 6.)*

*Queda proclamada vicepresidenta primeira dona Inmaculada Rodríguez Cuervo (Páx. 6.)*

*Á vista do resultado da votación, o señor presidente da Mesa de Idade (Fraga Iribarne) informa á Cámara de que, ó abeiro do artigo 63.3 do Regulamento, se vai celebrar unha nova votación para a elección do vicepresidente segundo entre as dúas candidatas que acadaron igual número de votos, que son: dona Salomé Álvarez Blanco e dona Dolores Villarino Santiago. (Páx. 6.)*

*Segunda votación para a elección do vicepresidente segundo: 17 votos a favor de dona Salomé Álvarez Blanco; 57 votos en branco; 1 voto nulo. (Páx. 7.)*

*Queda proclamada vicepresidenta segunda dona Salomé Álvarez Blanco. (Páx. 7.)*

Elección de secretario e vicesecretario

*Votación: 41 votos a favor de don Juan Pedrosa Vicente; 17 votos a favor de dona Dolores Villarino Santiago; 17 votos en branco. (Páx. 7.)*

*Queda proclamado secretario don Juan Pedrosa Vicente e queda proclamada vicesecretaria dona Dolores Villarino Santiago. (Páx. 7.)*

*(Os membros da Mesa do Parlamento ocupan os postos para os que foron elixidos.)*

### **Promesa ou xuramento de acata-la Constitución e o Estatuto de autonomía de Galicia**

*Para dar cumprimento ó artigo 5 do Regulamento, en primeiro lugar, prestan o seu xuramento ou promesa o presidente e os demais membros da Mesa e, a continuación, por orde alfabética, os demais deputados. (Páx. 8.)*

*O señor presidente dirixe unhas palabras á Cámara para agradecer no seu nome e no dos demais*

*membros da Mesa a confianza depositada neles; pide a axuda de todos para achega-la institución, cada vez máis, á cidadanía, e declara constituído o Parlamento na súa VI lexislatura. (Páx. 9.)*

*(As señoras deputadas, os señores deputados e o público das tribunas, postos en pé, cantan o himno galego.)*

*Levántase a sesión ás doce e cincuenta minutos do mediodía.*

*Ábrese a sesión ás once da mañá.*

*Ocupa o banco do Goberno o señor presidente da Xunta de Galicia en funcións, acompañado de tódolos conselleiros en funcións.*

**O señor OFICIAL MAIOR DO PARLAMENTO DE GALICIA (Cólera Leirado):** Señorías, rógolles que ocupen os seus escanos.

Verificadas as credenciais das deputadas e dos deputados proclamados electos e comprobado e así acreditado que o deputado de maior idade é don Manuel Fraga Iribarne e as deputadas máis novas dona María José Caldelas Fernández e dona Laura Seara Sobrado, prégolles que ocupen na Presidencia os seus postos para constituí-la Mesa de Idade.

Gracias.

*(O señor Fraga Iribarne e as señoras Caldelas Fernández e Seara Sobrado pasan a ocupar-los seus postos na Presidencia.)*

### CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE

**O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne):** Constituída a Mesa de Idade conforme ós artigos terceiro e cuarto do noso Regulamento, ábrese a sesión.

Rogo á señora secretaria, dona Laura Seara Sobrado, que dea lectura ó decreto de convocatoria e á relación de deputados electos.

**A señora SECRETARIA DA MESA DE IDADE (Seara Sobrado):** Decreto 197/2001, do 27 de agosto, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións:

“De acordo co previsto na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia; Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reformada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 12/1989, do 4 de outubro, reguladora da Xunta e do seu presidente; e Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ó Parlamento de Galicia, modificada pola Lei 15/1992, do 30 de decembro, no seu artigo 12, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de agosto de 2001,

**DISPOÑO:**

Artigo 3

En aplicación do artigo 9 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, modificada pola Lei 15/1992, do 30 de decembro, de eleccións ó Parlamento de Galicia, o número de deputados correspondente a cada circunscrición é o seguinte:

A Coruña: vintecatros.

Lugo: quince.

Ourense: catorce.

Pontevedra: vintedous.

Artigo 5

Celebradas as eleccións convocadas por este decreto, a Cámara resultante reunirse para a sesión constitutiva o día 20 de novembro de 2001 ás once horas.”

Paso a ler agora a Resolución do 8 de novembro de 2001, pola que se fan públicos os resultados xerais e por circunscricións e a relación de deputados proclamados electos nas eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o día 21 de outubro de 2001:

“Vistas as actas de proclamación das xuntas electorais provinciais, e en cumprimento do disposto no artigo 108.6.º da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, a Xunta Electoral de Galicia, na reunión que tivo lugar o día 8 de novembro, acordou facer públicos os resultados xerais e por circunscricións provinciais das eleccións ó Parlamento de Galicia que tiveron lugar o día 21 de outubro de 2001, segundo os datos que figuran nas actas do escrutinio xeral remitido polas xuntas electorais provinciais, así como a relación de deputados proclamados electos por cada unha delas.

Relación de deputados e deputadas proclamados electos por cada circunscrición:

Provincia da Coruña.

Polo Partido Popular: Manuel Fraga Iribarne, Jaime Alberto Pita Varela, Fernando Rodríguez Corcoba, María Marta Álvarez Montes, María Elisa

Madarro González, Juan Manuel Juncal Rodríguez, Miguel Ángel Reviejo Ares, Manuel Santos Ruíz Rivas, Fernando Amarelo de Castro, Alberto Sueiro Pastoriza, Jesús María Fernández Rosende, Manuel López Outeiral.

Polo Bloque Nacionalista Galego: Xosé Manuel Beiras Torrado, María Pilar García Negro, Xosé Henrique Rafael Tello León, Xesús Manuel Veiga Buxán, Xosé Díaz Díaz, Domingos Rafael Merino Mejuto.

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE: José Luis Méndez Romeu, Miguel Ángel Cortizo Nieto, Natividad González Laso, Francisco Julio Cerviño González, María Soledad Soneira Tajés, Francisco Sineiro García.

Provincia de Lugo.

Polo Partido Popular: Manuela López Besteiro, José María García Leira, José Manuel Barreiro Fernández, Sergio López García, María Jesús Tapia Fernández, María Susana López Abella, Victoria Eugenia López Díaz, Manuel Díaz Vázquez, María de los Remedios Castedo Carballo.

Polo Bloque Nacionalista Galego: Alberte Xullo Rodríguez Feixóo, Emilio López Pérez, Eduardo Gutiérrez Fernández.

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE: Ricardo Jacinto Varela Sánchez, Ismael Rego González, Margarita Pérez Herráiz.

Provincia de Ourense.

Polo Partido Popular: María Inmaculada Rodríguez Cuervo, Miguel Ángel Santalices Vieira, Roberto Castro García, José Manuel Baltar Blanco, María Dolores Rodríguez Seijas, Maximino Rodríguez Fernández, Castor Gago Álvarez, María Josefa Caldelas Fernández.

Polo Bloque Nacionalista Galego: Alfredo Suárez Canal, Xosé Henrique Rodríguez Peña, Xosé Francisco Ferreiro Abelleira.

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE: Francisco Javier Casares Mouriño, Laura Carmen Seara Sobrado, Pablo Javier López Vidal.

Provincia de Pontevedra.

Polo Partido Popular: José Cuña Crespo, Enrique César López Veiga, María Soledad Águeda Bueno Berrío-Ategortua, Jesús Carlos Palmou Lorenzo, María Beatriz González Loroño, María Corina Porro Martínez, Ramón Sestelo Fernández, Juan María Domingo Pedrosa Vicente, Pilar Milagros Rojo Noguera, Juan Manuel Casares González, María Martín Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez.

Polo Bloque Nacionalista Galego: Bautista Goyel Álvarez Domínguez, Francisco Trigo Durán, María Olaia Fernández Davila, María Salomé do Rosario Álvarez Blanco, Bieito Lobeira Domínguez.

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE: Emilio Pérez Touriño, María Dolores Villarino Santiago, Antón Louro Goyanes, Modesto Pose Mesura, María Carmen Gallego Calvar.

A Coruña, 8 de novembro de 2001.”

Firma o presidente da Xunta Electoral de Galicia.

## ELECCIÓN DA MESA DO PARLAMENTO

**O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne):** Moitas gracias.

Rogo ós servicios que procedan ó reparto das papeletas. (*Pausa.*) (*Repártense as papeletas.*)

Señoras e señores deputados, imos proceder á elección da Mesa do Parlamento, en votacións separadas para o presidente, vicepresidentes e secretarios.

A elección efecturase conforme ó previsto no artigo 91 do Regulamento, é dicir, mediante papeleta, tralo chamamento nominal dos deputados.

Os servicios da Cámara están procedendo neste momento ó reparto destas papeletas: branca para a elección de presidente, amarela para a elección dos vicepresidentes e verde para a elección de secretario e vicesecretario, conforme ó artigo 36 do Regulamento.

A expresión do voto efectuarase consignando no recadro correspondente un só nome en cada unha das votacións ou ben non consignando ningún, o que daría lugar a un voto en branco. Polo tanto, o voto pode

ser cun nome ou en branco.

Considerarase voto nulo toda papeleta que conteña máis dun nome ou algunha riscadura ou sinal.

### Elección do presidente

**O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne):** Vaise proceder á elección do presidente en primeiro lugar.

Rogo á señora secretaria, dona María José Caldelas Fernández, que proceda a efectua-lo chamamento dos señores deputados e das señoras deputadas para que se acheguen e depositen na urna as papeletas de cor branca.

Comeza a votación.

*(A señora secretaria da Mesa de Idade, Caldelas Fernández, le, por orde alfabética, os nomes das señoras e dos señores deputados, que depositan o seu voto na urna.)*

**O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne):** ¿Quedou alguén sen exercer-lo seu dereito ó sufraxio? (Pausa.) Dáse por cerrada a votación.

Procedemos ó escrutinio.

*(Procédese ó escrutinio.) (Pausa.)*

O resultado da votación é o seguinte: o señor García Leira, 41 votos; votos en branco, 34; non hai votos nulos nin para outros candidatos.

Polo tanto, o señor García Leira obtivo a maioría absoluta e, por conseguinte, queda proclamado presidente do Parlamento. *(As señoras deputadas e os señores deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, postos en pé, prorrrompen en grandes aplausos.)*

### Elección dos vicepresidentes

**O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne):** Procedemos agora á elección dos vicepresidentes.

Recórdaselles que para a elección dos vicepresi-

dentos a papeleta que corresponde é a de color amarela e que non se debe escribir máis que un nome. Resultarán elixidos os dous deputados que acaden maior número de votos.

Rogo á señora secretaria que proceda a efectua-lo chamamento.

Comeza a votación.

*(A señora secretaria da Mesa de Idade, Caldelas Fernández, le, por orde alfabética, os nomes das señoras e dos señores deputados, que depositan o seu voto na urna.)*

**O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne):** ¿Algunha señoría aínda non fixo uso do seu dereito? (Pausa.)

Procedemos ó escrutinio.

*(Procédese ó escrutinio.) (Pausa.)*

O resultado da votación é o seguinte: dona Inmaculada Rodríguez Cuervo, 41 votos; dona Salomé Álvarez Blanco, 17 votos e dona Dolores Villarino Santiago, 17 votos.

En consecuencia, queda proclamada vicepresidenta primeira dona Inmaculada Rodríguez Cuervo.

Como se produciu empate na elección do vicepresidente segundo, procédese neste intre, ó abeiro do artigo 36.3 do Regulamento, a unha nova votación entre os candidatos igualados en votos, que son: dona Salomé Álvarez Blanco e dona Dolores Villarino Santiago.

Polo tanto, xa temos vicepresidenta primeira. ¡Noraboa! *(Aplausos nos escanos do Grupo Parlamentario Popular de Galicia e do señor deputado Cortizo Nieto.)*

Polo tanto, só son válidos os votos en favor de dona Salomé Álvarez Blanco ou de dona Dolores Villarino Santiago. *(Pausa.) (Repártense as papeletas.)*

Repartidas as papeletas, procédese á segunda votación.

Recordo, máis unha vez, que só pode haber un nome na candidatura e que ten que ser precisamente para unha das dúas candidatas que empataron: dona Salomé Álvarez Blanco ou dona Dolores Villarino Santiago.

Comeza o chamamento.

*(A señora secretaria da Mesa de Idade, Celdelas Fernández, le, por orde alfabética, os nomes das señoras e dos señores deputados, que depositan o seu voto na urna.)*

**O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne):** Imos proceder ó escrutinio.

*(Procédese ó escrutinio.) (Pausa.)*

Señorías, o resultado da votación é o seguinte: dona Salomé Álvarez Blanco, 17 votos; votos en branco, 57; votos nulos, 1.

En consecuencia, queda proclamada vicepresidenta segunda dona Salomé Álvarez Blanco. *(Aplausos.)*

#### **Elección do secretario e do vicesecretario**

**O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne):** Pasamos, pois, á elección do secretario e do vicesecretario.

Lémbrales que na elección do secretario e do vicesecretario corresponde introduci-la papeleta de cor verde e que nela non se debe consignar máis dun nome. Resultarán elixidos os dous deputados que acaden maior número de votos. Se é así o caso, será elixido secretario o que teña maior número de votos, e o segundo será o vicesecretario.

Rógolle á señora secretaria que proceda a efectuar o chamamento.

Comeza a votación.

*(A señora secretaria da Mesa de Idade, Seara Sobrado, le, por orde alfabética, os nomes das señoras e dos señores deputados, que van depositando o seu voto na urna.)*

**O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne):** ¿Queda algún por exercer-lo seu

dereito de voto? *(Pausa.)*

Procédase ó escrutinio.

*(Procédese ó escrutinio.) (Pausa.)*

Señorías, o resultado da votación é o seguinte: don Juan Pedrosa Vicente, 41 votos; dona Dolores Villarino Santiago, 17; votos en branco, 17.

En consecuencia, queda proclamado secretario don Juan Pedrosa Vicente e vicesecretaria dona Dolores Villarino Santiago. *(Aplausos nos escanos do Grupo Parlamentario Popular de Galicia e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.)*

Polo tanto, doulles conta de cómo queda constituída a Mesa do Parlamento. Presidente: don José María García Leira; vicepresidenta primeira: dona María Inmaculada Rodríguez Cuervo; vicepresidenta segunda: dona María Salomé Álvarez Blanco; secretario: D. Juan María Domingo Pedrosa Vicente; vicesecretaria: dona María Dolores Villarino Santiago.

Antes de rogarlles que veñan tomar posesión dos cargos polos que foron elixidos polo Pleno do Parlamento, quero expresa-la miña satisfacción polo exemplo de xogo limpo que foi esta sesión.

Moitas gracias. *(Aplausos nos escanos do Grupo Parlamentario Popular de Galicia e dalgúns deputados do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.) (Os membros da Mesa do Parlamento ocupan os postos para os que foron elixidos.)*

**O señor PRESIDENTE (García Leira):** Señorías, dando cumprimento ó previsto no artigo 5 do Regulamento da Cámara, e como presidente electo, procedo a prestar e solicitar dos demais deputados e deputadas o xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ó Estatuto de Galicia.

Recórdolles que, segundo os precedentes da Cámara, a fórmula é a de contestar “si, xuro” ou “si, prometo” á petición de acatar fidelidade que fará esta Presidencia.

Señoras e señores deputados, eu, ante o pobo de Galicia, representado aquí polo seu Parlamento, xuro acatar e gardar fidelidade á Constitución e ó Estatuto de Galicia.

Señora vicepresidenta primeira, dona María Inmaculada Rodríguez Cuervo, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ó Estatuto de Galicia?

**A señora VICEPRESIDENTA PRIMEIRA (Rodríguez Cuervo):** Si, xuro.

**O señor PRESIDENTE:** Señora vicepresidenta segunda, dona María Salomé Álvarez Blanco, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ó Estatuto de Galicia?

**A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA (Álvarez Blanco):** Si, prometo.

**O señor PRESIDENTE:** Señor secretario, don Juan Pedrosa Vicente, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ó Estatuto de Galicia?

**O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):** Si, xuro.

**O señor PRESIDENTE:** Señora vicesecretaria, dona Dolores Villarino Santiago, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ó Estatuto de Galicia?

**A señora VICESECRETARIA (Villarino Santiago):** Si, prometo.

**O señor PRESIDENTE:** De seguido farase o chamamento das señoras e dos señores deputados para que, desde o propio escano, contesten á pregunta que eu lles formulo agora. O secretario da Mesa procederá ó chamamento.

Señoras e señores deputados, ¿xurades ou prometedes acatar e gardar fidelidade á Constitución e ó Estatuto de Galicia?

Os membros da Mesa, por favor, póñanse en pé.

**O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):**

Álvarez Domínguez, Bautista Goyel; Si, prometo.

Álvarez Montes, María Marta: Si, xuro.

Amarelo de Castro, Fernando: Si, xuro.

Baltar Blanco, José Manuel; Si, xuro

Barreiro Fernández, José Manuel: Si, xuro.

Beiras Torrado, Xosé Manuel: Prometo.

Bueno Berrío-Ategortua, María Soledad Águeda: Si, xuro.

Caldelas Fernández, María Josefa: Si, xuro

Casares González, Juan Manuel: Si, prometo.

Casares Mourinho, Francisco Javier: Si, prometo.

Castedo Carballo, María de los Remedios: Si, xuro.

Castro García, Roberto: Si, xuro.

Cerviño González, Francisco Julio: Si, prometo.

Cortizo Nieto, Miguel Ángel: Si, prometo.

Cuñña Crespo, José: Si, xuro.

Díaz Díaz, Xosé: Si, prometo.

Díaz Vázquez, Manuel: Si, xuro.

Fernández Davila, María Olaia: Si, prometo.

Fernández Rosende, Jesús María: Si, xuro.

Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco: Si, prometo.

Fraga Iribarne, Manuel: Si, xuro.

Gago Álvarez, Cástor: Si, xuro.

Gallego Calvar, María Carmen: Si, prometo.

García Negro, María Pilar (*amosando o libro "Sempre en Galiza"*): Si, prometo.

González Laso, Natividad: Si, prometo.

González Loroño, María Beatriz: Si, xuro.

Gutiérrez Fernández, Eduardo: Si, prometo.

Juncal Rodríguez, Juan Manuel: Si xuro.



Lobeira Domínguez, Bieito: Si, prometo.

López Abella, María Susana: Si, xuro.

López Besteiro, Manuela: Si, xuro.

López Díaz, Victoria Eugenia: Si, xuro.

López García, Sergio: Si, xuro.

López Outeiral, Manuel: Si, xuro.

López Pérez, Emilio: Si, prometo.

López Veiga, Enrique César: Si, prometo.

López Vidal, Pablo Javier: Si, prometo.

Louro Goyanes, Antón: Si, prometo.

Madarro González, Elisa: Si, xuro.

Martín Alonso, María: Si xuro.

Méndez Romeu, José Luis: Si, prometo.

Merino Mejuto, Domingos Rafael: Si, prometo.

Palmou Lorenzo, Xesús Carlos: Si, xuro.

Pérez Herráiz, Margarita: Si, prometo.

Pérez Touriño, Emilio: Si, prometo.

Pita Varela, Jaime Alberto: Si, xuro.

Porro Martínez, María Corina: Si, xuro.

Pose Mesura, Modesto: Si, prometo.

Ramallo Vázquez, María Pilar: Si, xuro.

Rego González, Ismael: Si, prometo.

Reviejo Ares, Miguel Ángel: Si, xuro.

Rodríguez Corcoba, Fernando: Si, xuro.

Rodríguez Feixóo, Alberte Xullo: Si, prometo.

Rodríguez Fernández, Maximino: Si, xuro.

Rodríguez Peña, Xosé Henrique: Si, prometo.

Rodríguez Seijas, María Dolores : Si, xuro.

Rojo Noguera, Pilar Milagros: Si, prometo.

Ruíz Rivas, Manuel Santos: Si, xuro.

Santalices Vieira, Miguel Ángel: Si, xuro.

Seara Sobrado, Laura Carmen: Si, prometo.

Sestelo Fernández, Ramón: Si, xuro.

Sineiro García, Francisco: Si, prometo.

Soneira Tajés, María Soledad: Si, prometo.

Suárez Canal, Alfredo: Si, prometo.

Sueiro Pastoriza, Alberto: Si, xuro.

Tapia Fernández, María Jesús: Si, xuro.

Tello León, Xosé Henrique Rafael: Si, prometo.

Trigo Durán, Francisco: Si, prometo.

Varela Sánchez, Ricardo Jacinto: Si, prometo.

Veiga Buxán, Xesús Manuel: Si, prometo.

**O señor PRESIDENTE:** Se así o cumprimos, que Deus e Galicia nolo premien, e, se non, que nolo desmanden.

Señoras deputadas e señores deputados, ó asumi-lo alto honor e a responsabilidade de presidi-lo Parlamento de Galicia, quero que as miñas primeiras palabras sexan para expresar no meu nome e no dos demais compoñentes desta Mesa o noso agradecemento ás súas señorías pola confianza depositada en todos nós coa elección que acaban de facer, o que nos obriga aínda máis a desempeñar-las nosas funcións co máximo interese e desvelo.

O Parlamento de Galicia acadou a maioría de idade, levamos xa vinte anos de vida parlamentaria. Ó facerme cargo por segunda vez consecutiva da Presidencia desta Cámara, fágoo con renovados ánimos, con grande emoción e respecto e coa mesma ilusión que hai catro anos.

O noso Regulamento, como saben moi ben as súas

señorías, define a Mesa como o órgano rector da Cámara, fuxindo de calquera interpretación presidencialista, optándose así pola prevalencia das funcións dun órgano colexiado. E só na súa dirección e coordinación o presidente deberá asegura-la boa marcha dos traballos parlamentarios dirixindo os debates, cumprindo e facendo cumprir en todo momento o Regulamento da Cámara e suplíndoo no transcurso dos debates. Neste aspecto teñan a seguridade as señoras e os señores deputados de que este presidente manterá sempre o mesmo talante flexible e dialogante que ata o de agora practicou, procurando aplica-la norma que a todos nos obriga coa máxima imparcialidade e dentro da máis estricta neutralidade.

O Parlamento non é un foro de lucimentos persoais, senón un lugar no que deben xurdir ideas, propostas e acordos que redunden en beneficio da nosa querida Galicia. Espero que, coa axuda de todos, sexamos capaces de acercar aínda máis ós cidadáns esta institución, afondando cada vez máis neste proceso de aproximación. Xa que logo, o Parlamento de Galicia é o fundamento das institucións da Comunidade Autónoma e o eixo vertebrador da identidade do pobo galego.

E remato, porque non é este o momento de discursos, prevéndose no noso Regulamento unha sesión solemne de apertura. Ditas estas pequenas reflexións, expresadas xa as gracias de tódolos membros da Mesa pola confianza que en nós depositaron, en virtude do artigo 5º do noso Regulamento, declaro constituído o Parlamento de Galicia na súa VI lexislatura. Deste feito darei conta a El-Rei, ó Senado, ó presidente do Goberno de España e ó presidente en funcións da Xunta de Galicia.

E agora, para rematar este acto, invito ás súas señorías e ós convidados que nos acompañan a que, postos en pé, escoitemos ou cantémo-lo himno galego.

*(As señoras deputadas e os señores deputados e o público das tribunas, postos en pé, cantan o himno galego.) (Aplausos.)*

*Levántase a sesión ás doce e cincuenta minutos do mediodía.*

RELACIÓN DE DEPUTADOS E DEPUTADAS

1.- Álvarez Blanco, María Salomé	(BNG)
2.- Álvarez Domínguez, Bautista	(BNG)
3.- Álvarez Montes, María Marta	(PP)
4.- Amareló de Castro, Fernando	(PP)
5.- Baltar Blanco, Manuel José	(PP)
6.- Barreiro Fernández, José Manuel	(PP)
7.- Beiras Torrado, Xosé Manuel	(BNG)
8.- Bueno Berrío-Ategortua, Marisol	(PP)
9.- Caldelas Fernández, María Josefa	(PP)
10.- Casares González, Juan Manuel	(PP)
11.- Casares Mourinho, Xabier	(PSdeG-PSOE)
12.- Castedo Carballo, Remedios	(PP)
13.- Castro García, Roberto	(PP)
14.- Cerviño González, Francisco	(PSdeG-PSOE)
15.- Cortizo Nieto, Miguel	(PSdeG-PSOE)
16.- Cuiña Crespo, Xosé	(PP)
17.- Díaz Díaz, Xosé	(BNG)
18.- Díaz Vázquez, Manuel	(PP)
19.- Fernández Davila, María Olaia	(BNG)
20.- Fernández Rosende, Jesús María	(PP)
21.- Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco	(BNG)
22.- Fraga Iribarne, Manuel	(PP)
23.- Gago Álvarez, Cástor	(PP)
24.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
25.- García Leira, José María	(PP)
26.- García Negro, María Pilar	(BNG)
27.- González Laso, Natividad	(PSdeG-PSOE)
28.- González Loroño, Beatriz	(PP)
29.- Gutiérrez Fernández, Eduardo	(BNG)
30.- Juncal Rodríguez, Juan Manuel	(PP)
31.- Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
32.- López Abella, Susana	(PP)
33.- López Besteiro, Manuela	(PP)
34.- López Díaz, Victoria Eugenia	(PP)
35.- López García, Sergio	(PP)
36.- López Outeiral, Manuel	(PP)
37.- López Pérez, Emilio	(BNG)
38.- López Veiga, Enrique César	(PP)
39.- López Vidal, Pablo Xabier	(PSdeG-PSOE)
40.- Louro Goyanes, Antón	(PSdeG-PSOE)
41.- Madarro González, Elisa	(PP)
42.- Martín Alonso, María	(PP)
43.- Méndez Romeu, José Luis	(PSdeG-PSOE)
44.- Merino Mejuto, Domingos	(BNG)
45.- Palmou Lorenzo, Xesús	(PP)
46.- Pedrosa Vicente, Juan	(PP)
47.- Pérez Herraiz, Margarita	(PSdeG-PSOE)
48.- Pérez Touriño, Emilio	(PSdeG-PSOE)
49.- Pita Varela, Jaime Alberto	(PP)
50.- Porro Martínez, María Corina	(PP)
51.- Pose Mesura, Modesto	(PSdeG-PSOE)
52.- Ramallo Vázquez, María Pilar	(PP)
53.- Rego González, Ismael	(PSdeG-PSOE)
54.- Reviejo Ares, Miguel Ángel	(PP)
55.- Rodríguez Corcoba, Fernando	(PP)
56.- Rodríguez Cuervo, Inmaculada	(PP)
57.- Rodríguez Feixóo, Alberte Xullo	(BN)G)
58.- Rodríguez Fernández, Maximino	PP
59.- Rodríguez Peña, Xosé Henrique	(BNG)
60.- Rodríguez Seijas, María Dolores	(PP)
61.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
62.- Ruíz Rivas, Manuel Santos	(PP)
63.- Santalices Vieira, Miguel Ángel	(PP)
64.- Seara Sobrado, Laura	(PSdeG-PSOE)
65.- Sestelo Fernández, Ramón	(PP)
66.- Sineiro García, Francisco	(PSdeG-PSOE)
67.- Soneira Tajés, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
68.- Suárez Canal, Alfredo	(BNG)
69.- Sueiro Pastoriza, Alberto	(PP)
70.- Tapia Fernández, María Jesús	(PP)
71.- Tello León, Xosé Henrique	(BNG)
72.- Trigo Durán, Francisco	(BNG)
73.- Varela Sánchez, Ricardo	(PSdeG-PSOE)
74.- Veiga Buxán, Xesús Manuel	(BNG)
75.- Villarino Santiago, Dolores	(PSdeG-PSOE)



## DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 56 16 00

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.  
Concepción Arenal, 11-13. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-255-1982. ISSN 1133-2735